

ACORDOS DA COMISIÓN DE TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOXERONTOLOXÍA DA USC, 2020-21

19/10/2020 (Ordinaria)

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do coordinador sobre o principio de curso e actuacións ante a situación de pandemia.
3. Renovación da Comisión Académica.
4. Medidas para mellorar a difusión do Master.
5. Rolda aberta de intervencións.

Asistentes:

David Facal Mayo
M^a Lourdes Mirón Redondo
Cristina Lojo Seoane
Montserrat Zurón Ocio

Acordos adoptados:

1. Aprobase a acta anterior.
2. Acórdase establecer para este curso, con carácter excepcional dado o carácter central das prácticas externas no título e das complicacións da COVID-19 nos centros xerontolóxicos sociosanitarios, un primeiro período de prácticas externas para o curso 2020-2021 anterior ó 01/ 03/2021, no que o alumnado poida realizar ata un máximo de 110 horas (40% de horas consignadas para Prácticas Externas) en centros de maiores de carácter comunitario. Así, establécese un período de practicum extraordinario dende a data de aprobación ao 26/02/2021, manténdose o practicum ordinario dende o 01/ 03/2021 ao 14/05/2021. Así mesmo, acórdase aprazar a oferta de practicum ordinario, aprobada para 04/11/2020 ao 06/11/2020, y e a adxudicación de centros e titores académicos, aprobada para o 13/11/2020, ó 27/01/2021 ou a calquera data máis próxima ó período de practicum ordinario, permitindo adaptar a oferta á situación sanitaria do momento.
3. Acórdase incorporar á alumna dona Cristina Domínguez Lenogue á Comisión do Título como representante das alumnas do curso 2020-2021.
4. Apróbase a difusión dos TFMs con cualificación de sobresainte a través da Biblioteca da Facultade.
5. Acórdase organizar para o mes de febreiro unha Xornada Virtual sobre o efecto da crise do COVID-19 nas persoas maiores.

5/11/2020 (Extraordinaria)

Orde do día:

- Aprobación da acta anterior, se procede.
- Adscrición da materia P2171205 – Psicoloxía da Morte e do Dó.
- Reparto das materias P2171109 - Practicum e P2171110 Traballo Fin de Master entre as áreas con docencia no Master.

Asistentes:

Cristina Domínguez Lenogue
 David Facal Mayo
 Cristina Lojo Seoane
 Arturo X. Pereiro Rozas

Montserrat Zurón Ocio **Acordos adoptados:**

1. Aprobase a acta anterior.
2. Apróbese a adscrición da materia Psicoloxía da Morte e Dó ó Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación (adscrición 3) e Área Externa (adscrición 3).
3. Acórdase un reparto de practicum e TFM proporcional á carga lectiva do profesorado de departamentos con materias troncais e obrigatorias do Master:
 - Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación, 6 titorizacións de prácticas externas e traballos fin de Máster;
 - Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía, 3 titorizacións de prácticas externas e traballos fin de Máster;
 - Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermería y Medicina, 1 titorizacións de prácticas externas e traballos fin de Máster.
 Sendo a matrícula de 11 alumnas, acórdase propoñer ó Departamento de Pedagogía e Didáctica a titorización 1 prácticas externas e traballos fin de Máster.
 O Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación asume a titorización dun traballo fin de Master, ata a matrícula de 12.

9/2/2021 (Ordinaria)

Orde do día:

1. Aprobación das actas anteriores, se procede.
2. Informe do coordinador sobre o primeiro cuatrimestre do curso.
3. Informe sobre a asignación de prazas de Practicum ordinario, e da asignación de titores de practicum e TFM.
4. Aprobación da proposta de PDA para o curso 2021-2022.
5. Presentación de actividades de difusión do Máster: I Encontro virtual e xornadas interxeracionais.
6. Rolda aberta de intervencións.

Asistentes:

Fernando Díaz Fernández
 Cristina Dominguez Lenoge
 David Facal Mayo
 Cristina Lojo Seoane
 Montserrat Zurón Ocio

Acordos adoptados:

1. Apróbase a proposta de PDA para o curso 2021-2022. Tramitouse por parte de coordinación do Máster a solicitude de dúas modificacións, soliticitando a asignación de toda a docencia da materia Psicología da Morte e Do para o Departamento de Psicología Evolutiva e da Educación, e solicitando a asignación de 10 horas de área externa para o profesor ad honorem Onésimo Juncos Rabadán na materia Comunicación e linguaxe no envellecemento.
2. Preséntanse o I Encontro virtual, promovido pola comisión académica do título e organizado pola coordinación do Máster, para visibilizar o Máster entre profesionais, alumnado de grao e público xeral. Así mesmo, preséntase o proxecto de xornadas interxeracionais, organizada polo alumnado da materia Avaliación e Intervención Social e Educativa, e que este ano por motivo da pandemia por COVID-19 realizárase de xeito virtual a través de conta de Instagram @achegad*s

Data 12/3/2021 (Extraordinaria)

Orde do día:

- Aprobación do informe de seguemento do título no curso 2019-2020.

Asistentes:

David Facal Mayo
Cristina Lojo Seoane
M^a Lourdes Mirón Redondo
José Rocha Citoula

Acordos adoptados: Apróbase o Informe de Seguemento preparado pola Coordinación do Máster e aprobada pola Comisión Inteuniversitaria do Título o 8 de marzo de 2021.

5/4/2021 (Extraordinaria)

Orde do día:

- Aprobar se procede o calendario e horarios do título para o curso 2021-22.

Asistentes:

Fernando Díaz Fernández
Cristina Domínguez Lenogue
David Facal Mayo
Cristina Lojo Seoane

M. Lourdes Mirón Redondo
Arturo X. Pereiro Rozas
Montserrat Zurrón Ocio

Acordos adoptados: Aprobase a proposta de calendario e horarios

31/5/2021 (Extraordinaria)

Orde do día:

1) Aprobar se proceden as modificacións dos programas para o curso 2021-22.

Asistentes:

Fernando Díaz Fernández
Cristina Domínguez Lenogue
David Facal Mayo
Cristina Lojo Seoane
M. Lourdes Mirón Redondo
Arturo X. Pereiro Rozas
Montserrat Zurrón Ocio

Acordos adoptados: Aprobase a modificación de contidos na materia Metodoloxías cuantitativas e cualitativas na investigación psicoxerontolóxica, e en xeral os plans de continxencia debidos á situación sanitaria. Emiten o seu voto afirmativo:

8/9/2021 (Ordinaria)

Orde do día:

1. Aprobación de actas anteriores, se procede.
2. Informe do coordinador sobre o final de curso 2020-2021 e o inicio do curso 2021-2022.
3. Renovación de Membros da Comisión do Título.
4. Informe sobre o proxecto Inventhei e outras actividades de innovación e transferencia para o curso 2021-2022.

Asistentes: Montse Zurrón, Cristina Lojo, Sabela Mallo, David Facal, Arturo Pereiro e Fernando Díaz.

Acordos adoptados:

- Acórdase propoñer a Sabela Carme Mallo López como Secretaría da Comisión do Título de Master Interuniversitario en Psicoxerontoloxía da USC.
- Infórmase da participación da Facultade de Psicoloxía, a través do Máster, no proxecto Inventhei financiado pola HEI Initiative da Comisión Europea. Dende xullo ata decembro de 2021a USC organizará seminarios sobre innovación no envellecemento para alumnado e profesorado dos Másters en Psicoxerontoloxía e Xerontoloxía (Facultade de Enfermería), e unha xornada para alumnado, profesorado e empresas con convenio de prácticas externas.